



Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana

Madrid

Exma. Sra. ministra,

D^a Isabel Rodríguez García.

O acceso a unha vivenda digna converteuse nunha das principais urxencias da sociedade actual. Os prezos cada vez máis desorbitados do alugueiro, a escaseza de oferta pública que contribúa a aumentar o parque de vivenda, a ausencia de intervención no mercado e a presión do turismo están deixando a moitas familias sen alternativas habitacionais. Ante esta situación, desde o Concello de Pontevedra consideramos que o Estado debe aproveitar os seus propios recursos para ofrecer solucións a curto-medio prazo.

Como se ten falado en diversas ocasións, no Concello de Pontevedra existen tres grandes bolsas de terreo para crear vivenda social seguindo as premisas mencionadas:

1. **Nos barrios de Campolongo e Mollavao:** logo dunha tramitación lenta na que Concello e Estado colaboraron para desenvolver o convenio, atopámonos con que só falta o proxecto de urbanización. Ademais, nestes barrios existen na actualidade pisos baleiros do Ministerio de Defensa que poderían sumarse ao parque público, se ben non na súa totalidade, cando menos unha parte deles.
2. **Finca do Teucro:** A SAREB planea urbanizar esta zona para 190 vivendas. Actualmente, esta Unidade de Actuación atópase en proceso de desenvolvemento e acaba de aprobarse un estudo de detalle para o axuste das aliñacións. Se ben é certo que podería demorar algo máis no tempo, cumpriría que este Ministerio a tivera en conta na promoción de vivenda protexida nos vindeiros anos.
3. **Avenida de Uruguai e Rúa do Ouro:** Ambos solares conforman un total de 1882 m² propiedade do Estado. Neles poderían construírse vivendas sociais, evitando así que un terreo público siga sen uso nunha cidade con necesidade habitacional. O terreo situado na Avenida do Uruguai conta coa posibilidade de obter "*licenza directa*", o que actuaría como elemento facilitador neste caso. Así mesmo, a entidade Arqura Homes, vinculada á SAREB, ten solicitado neste Concello unha licenza para a construción de 22 vivendas na parcela sita na rúa do Ouro.





O **Concello de Pontevedra** ten manifestado en diversas ocasións a disposición a facilitar e axilizar trámites para estes proxectos, sexa cal sexa a administración da que proveñen. Boa proba deste facilitamento son os acordos aos que temos chegado recentemente coa Xunta de Galiza para a cesión e futura construción de VPP na cidade, así como a colaboración co Proxecto de Interese Autonómico que está a desenvolver a administración galega para habilitar solo para a construción dunhas 2000 vivendas protexidas. Esta vía de colaboración continúa aberta e por iso tampouco desbotamos, e veríamos con bos ollos, a cesión directa de parcelas por parte do Goberno do Estado para que sexa a Xunta de Galiza quen desenvolva este solo, xa que ten manifestado en diversas ocasións a súa dispoñibilidade para construír máis vivenda.

Desde o Concello de Pontevedra queremos ofertar a nosa colaboración nesta materia, quedando abertos se o desexan a xuntanzas nas que poidamos continuar a avanzar, co obxectivo posto na habilitación de máis vivenda protexida para a cidadanía. A situación é urxente e as solucións pasan por unha maior implicación das administracións con responsabilidades na materia.

Sen outro particular e agardando a súa resposta, reciba unha cordial saúdo.

Atentamente,

Miguel Anxo Fernández Lores

Alcalde de Pontevedra

